

MUU

Crunch!

A compañía

A compañía Muu nace da colaboración entre Assircópatas e Circo Chosco.

A simbiose entre a sorprendente forma de ver o mundo, o humor, a vida, os conflitos e solucións de Assircópatas e a técnica acrobata e clown de Óscar Páez, de Circo Chosco. Xuntos presentan un espectáculo fresco e divertido: *Crunch!*

O espectáculo

Onde están cando se lles necesita? É unha pregunta que estamos afeitos a facernos sobre os amigos, os políticos, a familia, etc.. algunha vez eles faian pero os superheroes sempre estarán alí para coidarte. Dous superheroes que están dispostos a todo para axudar, aínda que as cousas non saian sempre como queren. Os seus problemas son os teus problemas, coa crise, a conciliación laboral e familiar faise difícil incluso para eles. No fondo todas somos superheroes.

Un espectáculo de novo circo, de vellos amigos, de clown, de malabares diarios para chegar a fin de mes, de saltos mortais, de golpes e caídas das que un aprende e sae adiante e sobre todo de risas que é o máis necesario. Ti non os ves, pero eles estante mirando.



FICHA ARTÍSTICA

Elenco: Daniel Blanco e Óscar Páez

Xéneros: circo e clown

Duración: 50 minutos

Público: familiar

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)